2015

9 de xuño

*Vinde coñecelos!*



# Día Internacional dos Arquivos

XUNTA DE GALICIA

# Dia Internacional dos Arquivos

Os traballos desenvolvidos nos arquivos son escasamente coñecidos polo común da sociedade, malia o labor fundamental que desenvolven para a preservación do noso patrimonio cultural. Nos arquivos reúnense os documentos producidos por institucións e entidades públicas e privadas (normas, procedementos, actos etc.), que conforman o patrimonio documental. Benefícianse a diario desa organización a propia Administración, a comunidade académica e investigadora, pero tamén calquera cidadán que precisa datos sobre os seus dereitos.

O 9 de xuño celébrase o Día Internacional dos Arquivos, promovido pola Unesco. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria súmase a esta celebración anual para destacar a importancia estratéxica dos arquivos e dos profesionais que os atenden. Con este motivo, os arquivos galegos organizan durante toda a semana unha ampla programación de actividades para achegar os arquivos á cidadanía.

As portas dos arquivos están abertas. Animádevos a coñecelos!

# Programa de actividades



# Arquivo de Galicia

Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia
Cidade da Cultura
Monte Gaiás
**Santiago de Compostela**

## 9 de xuño

*De 9:00 a 14:00 h*
**Xornada de portas abertas** e **visitas guiadas** ás instalacións do Arquivo de Galicia.
Inscrición previa no teléfono 881 999 665 ou no enderezo electrónico arquivogalicia.cultura@xunta.es

## Do 9 de xuño ao 9 de setembro

**Exposición**
***Memorias de familia: o fondo Vilariño Pintos no Arquivo de Galicia***, sobre o primeiro fondo documental privado recibido por doazón no Arquivo de Galicia.
**Visitas guiadas ata o 9 de setembro** con inscrición previa a través da web www.cidadedacultura.gal

## 12 de xuño

*12:30 h*
**Conferencia**
***Os arquivos privados: salvar o patrimonio, fomentar a investigación***, na que **Ramón Villares Paz**, catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela e presidente do Consello da Cultura Galega, falará da importancia dos arquivos para o coñecemento do noso pasado.
Entrada libre ata completar a capacidade.

# Arquivo do Reino de Galicia

Xardín de San Carlos s/n
**A Coruña**

**8 de xuño**

*11:00 h*
**Presentación da publicación**
***A causa contra Manuel Blanco "O home lobo": Expediente xudicial da Audiencia Territorial da Coruña,*** orixinal conservado no fondo da Audiencia Terrorial deste arquivo.

*12:30 e 17:15 h*
**Visitas guiadas** ás instalacións do arquivo e á mostra dunha selección de documentos de interese.

*18:00 h*
**Obradoiro de papel: acrílicos.** Os técnicos do laboratorio de restauración do Arquivo do Reino de Galicia aprenderanlles aos asistentes a facer e estampar papel con pintura acrílica, para empregar en encadernacións.

Público xeral, maior de 18 anos. Máximo 12 persoas por curso, previa inscrición. Duración: 2 horas.

*18:00 h*
**Obradoiro de encadernación: elaboración de polípticos en acordeón,** para aprender a encadernar. Impartido polos técnicos do laboratorio de restauración do Arquivo do Reino de Galicia.

Público xeral, maior de 18 anos. Máximo 15 persoas por curso, previa inscrición. Duración: 2 horas.

**9 de xuño**

*11:15 e 17:00 h*
**Visitas guiadas** ás instalacións do arquivo e á mostra dunha selección de documentos de interese.

*12:00 h*
**Obradoiro de encadernación: elaboración de polípticos en acordeón.** Taller para aprender a encadernar, impartido polos técnicos do laboratorio de restauración do arquivo.
Público xeral, maior de 18 anos. Máximo 15 persoas por curso, previa inscrición. Duración: 2 horas.

*12:00 h*
**Obradoiro de papel: acrílicos.** Os técnicos do laboratorio de restauración do arquivo aprenderanlles aos asistentes a facer e estampar papel con pintura acrílica, para empregar en encadernacións.
Público xeral, maior de 18 anos. Máximo 12 persoas por curso, previa inscrición. Duración: 2 horas.

*12:00 h*
**Obradoiro de documentos e arquivos: os arquivos familiares e persoais.** Impartido por persoal técnico do arquivo.
Público xeral, maior de 18 anos. Máximo 15 persoas por curso, previa inscrición. Duración: 2 horas.

- Información e reservas no teléfono 981 209 251 e no enderezo electrónico arq.reino.galicia@xunta.es
  Para as visitas guiadas non se precisa inscrición previa.

# Arquivo Histórico Provincial de Lugo

Rúa Cambria s/n
**Lugo**

**9 de xuño**

**Xornada de portas abertas** e **visitas guiadas** ás instalacións do arquivo, durante todo o día.

**Visitas guiadas á exposición**
***Pontes, pontigos e pasares,*** unha escolma de fotografías dos fondos do Arquivo Histórico Provincial de Lugo.
Previa inscrición.

**Mostra dixital**
***Documentos singulares: Esbozo do igrexario de Santa María de Carballido.***
En arquivosdegalicia.xunta.es

- Información e reservas no teléfono 982 227 956
  e no enderezo electrónico ahp.lugo.informacion@xunta.es

# Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Rúa Hernán Cortés, 2
**Ourense**

**9 de xuño**

*12:30 h*
**Visita guiada** ás instalacións do arquivo e á mostra da herdanza documental da orde franciscana conservada no arquivo.

Inscrición previa. Máximo 20 persoas.

**Do 9 de xuño ao 9 de outubro**

**Exposición**
***O legado de Asís: franciscanos e clarisas en Ourense.*** Mostra divulgativa sobre o patrimonio documental dos conventos da orde franciscana na cidade de Ourense, nas vilas de Allariz, Monterrei e Ribadavia, e no lugar de Trandeiras de Xinzo de Limia.

**Inauguración,** 9 de xuño, ás 19:30 h.
**Visitas guiadas ata o 9 de outubro** con inscrición previa.

**11 de xuño**

*18:30 h*
**Visita guiada** ás dependencias do arquivo e á mostra sobre o legado franciscano que se conserva no arquivo.

Inscrición previa. Máximo 20 persoas.

- Información e reservas no teléfono 988 223 493 e no enderezo electrónico arq.prov.ourense@xunta.es

# Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

Paseo de Colón, 4
**Pontevedra**

**Do 9 ao 12 de xuño**

*12:00 e 17:00 h, (agás o venres, só ás 12:00 h)*
**Xornada de portas abertas** con **visitas guiadas** ás instalacións do arquivo e á mostra *Documentación sobre a industria da pesca, salgado e conserveira,* escolma de documentos que sobre o tema se custodian neste arquivo histórico.

Inscrición previa. Máximo 20 persoas.

**12 de xuño**

*19:00 h*
**Conferencia**
***A industria conserveira galega: historia dun éxito industrial,*** impartida por **Xoán Carmona Badía**, catedrático de Institucións Económicas da Facultade de Económicas da Universidade de Santiago de Compostela.

*A seguir*
**Velada musical** a cargo do violonchelista **Luis Enrique Caballero Varona.**

- Información e reservas no teléfono 986 852 118 e no enderezo arq.historico.pontevedra@xunta.es

# Arquivos administrativos da Xunta de Galicia

En todos os arquivos administrativos

**9 de xuño**

*De 10:00 a 12:00 h*

**Xornada de portas abertas,** con **visitas guiadas** para empregados públicos e persoas usuarias do centro.

Inscrición previa.

- *Información e reservas en:*

  **ARQUIVO CENTRAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**
  Edificio Administrativo de San Caetano, Bloque 3. Santiago de Compostela
  Tfno. 981 957573
  arquivo.cultura.sc@xunta.es

  **ARQUIVO TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA EN LUGO**
  Edificio Administrativo. Ronda da Muralla, 70. Lugo
  Tfno. 982 294 240

  **ARQUIVO TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA EN PONTEVEDRA**
  Edificio Administrativo. Rúa de Fernández Ladreda, 43. Pontevedra
  Tfno. 886 206 617
  arquivo.cultura.pontevedra@xunta.es

  **ARQUIVO TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA EN VIGO**
  Edificio Administrativo. Rúa Concepción Arenal, 8. Vigo
  Tfno. 986 817 799 / 986 817 620
  arquivo.vigo@xunta.es



galicia

trisquelia

XUNTA DE GALICIA